

Guía Didáctica


Orientacións para o profesorado

③ Os ecosistemas - A poboación

Inicio ▾ Os ecosistemas ▾ A poboación ▾ Lengua ▾ Lingua ▾ Matemáticas ▾ English ▾ Computación ▾ T. colectivo ▾

UNIDADE DIDÁCTICA INTEGRADA - 5º PRIMARIA

③ Os ecosistemas - A poboación



JOSÉ MANUEL BOUZÁN MATANZA

Unidade Didáctica Integrada - 5º Primaria

1. - Introducción:

"Os ecosistemas – A poboación" é unha unidade didáctica integrada creada por José Manuel Bouzán Matanza nunha licenza por formación para o curso 2017/18 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Destinatarios: Centrada nos contidos propios do quinto curso de Educación Primaria pero válida tamén para 6º de E. Primaria o 1º curso de ESO a xeito de repaso e/ou introdución a novos coñecementos sobre os temas aquí tratados.

Áreas e contidos: Abrangue contidos propios das áreas de Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Matemáticas, Lingua galega e castelá así como conceptos máis propios de temas transversais como o traballo en equipo e contidos pertencentes ás ciencias da computación.

A grandes trazos poderíamos resumir estes contidos como:

Ciencias da Natureza: Os ecosistemas. Os recursos naturais e o seu emprego.

Ciencias Sociais: A poboación. Movementos migratorios. A poboación galega e española.

Lingua galega e castelá: Lectura comprensiva. Textos non literarios. Ditongo, tritongo e hiato. Medida e clases de versos. Formación de palabras. Os determinantes. Os pronomes persoais.

Nestas dúas áreas, independentemente da utilizada para introducir un determinado concepto, trátanse indistintamente aqueles aspectos comúns a ambas as dúas.

Matemáticas: As fraccións.

Inglés: Animales dos bosques. Compresión lectora. Ler e escribir.

Computación: Gráficos estatísticos.

Ámbito: Baséase fundamentalmente no uso do ordenador (concretamente dun navegador web recente como mozilla firefox, chrome, opera, ou safari) como soporte básico de toda a unidade, aínda que tamén se presentan propostas concretas para o seu desenvolvemento no caderno do alumno ou outros soportes que o docente estime oportuno.

Recoméndase que a unidade sexa executada baixo un servidor web (aínda que non se conte cunha conexión a Internet).

Temporalización: Pensada para, aproximadamente vinte días. Dada a organización máis habitual dos contidos nestes niveis, estímase que o mellor momento durante o curso debería de ser o primeiro trimestre (Esta unidade é a número 3 dunha serie de unidades que o mesmo autor creou para o mesmo curso). Non obstante teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización.

Interface: Moi sinxelo baseado nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal pódese acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir da consulta de texto propio da unidade, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna e volver ás actividades. Así mesmo, naqueles grupos de actividades, que se estimou oportuno a posible consulta de algo, colocáronse enlaces a ferramentas "on line" tales como os dicionarios.

Nos seguintes apartados realízase unha descrición detallada de cada un dos distintos apartados. Teña presente que, aínda que aquí se presentan na mesma orde que aparece na unidade, esta foi pensada para ser desenvolvida na aula dende distintos flancos.

2.- Os ecosistemas:

2.1.- Os contidos:

Neste apartado pártese dos principais elementos que compoñen un ecosistema para acometer logo as relacións que se establecen entre os seres vivos que habitan un ecosistema.

3 Os ecosistemas - A poboación

Inicio ▾ Os ecosistemas ▾ A poboación ▾ Lengua ▾

Os ecosistemas
O medio físico. O biótomo.
Tipos de ecosistemas
→ Actividades 1
Os seres vivos dun ecosistema.
Biotomose
As relacións entre os seres vivos.
→ Actividades 2
As relacións alimentarias
O equilibrio nos ecosistemas.
Os recursos naturais e o seu emprego
→ Actividades 3
→ Gran test
Esquema
Lapis e papel

3 Os ecosistemas - A poboación

Inicio ▾ Os ecosistemas ▾ A poboación ▾ Lengua ▾ Lingua ▾ Matemáticas ▾ English ▾ Computación ▾ T. colectivo ▾

5.- As relacións entre os seres vivos dun ecosistema.

Entre individuos de distintas especies temos:

① **Parasitismo:** establécese entre dous individuos de distintas especies. **Unha das especies, a chamada parasita, sempre causa dano a outra especie, a hóspede, por exemplo os piollos, carrapatos, a tenia ou as samesugas.**

② **Comensalismo e inquilinismo:** Un dos individuos soe saír **beneficiado sen danar ao outro**, é o caso do peixe rémora que se alimenta (comensal) dos restos que lle sobran ao tiburón ou o merlo (inquilino) que fai o seu niño nas árbores.

③ **Depredación:** unha especie, a depredadora, **aliméntase doutra especie, a presa.** Por exemplo o charrán e o peixe.

④ **Mutualismo:** **as dúas especies benefíciense.** Existen aves, como a garza mediana, que se alimentan dos parasitos dos búfalos, a garza obtén alimento e o búfalo líbrase do parasito.

samesuga - hóspede merlo - árbore
charrán - peixe garza - búfalo

Unidade Didáctica Integrada - 5º Primaria

Poña atención aos botóns que aparecen no fondo e á súa funcionalidade:



Aquí pode ir directamente a calquera dos contidos do tema.



Este botón ten unha intención didáctica importante buscando un afianzamento maior do estudado por parte do alumnado, así para a asimilación das palabras clave, un exercicio interesante pode ser que o alumno lea o contido con esas palabras "ocultas"



As frechas permiten unha navegación (independente do menú) ao seguinte/anterior texto.



Nalgúns apartados pode atopar botóns como este que "abren" novos contidos (neste caso unha imaxe).



Os botóns coa icona dunha carpeta son unha ligazón a "ampliación de contidos" ou gráficos referentes ao tema.

2.2.- As actividades interactivas:



Neste apartado atópanse tamén ligazóns a tres grupos de actividades interactivas, a súa intención é o afianzamento dos conceptos tratados nos puntos que os preceden. Nestes grupos de actividades compre sinalar a barra de navegación que permite pasar á seguinte ou a anterior actividade, as ligazóns directas no menú de “actividades” e o botón de autoavaliación:

Este botón permítelle a alumnado e profesorado ter un informe detallado do realizado en cada grupo de actividades. Premendo nel aparecerá un informe como o da imaxe:

As máquinas

Nº	Actividade	Execucións	Estado						intentos:
1	Os primeiros conceptos	1	✓						1
2	Recordamos	1	⚙️						0
3	A panca. Elementos	1							
4	Pensamos	2							
5	Clasificamos	2							
6	Pancas no noso corpo	0							0
				2 / 6					

Onde podemos observar que a actividade número 1 se realizou unha única vez correctamente aínda que houbo un intento con fallo (columna de intentos), así mesmo as actividades catro e cinco foron realizadas dúas veces (columna execucións), se poñemos o cursor do rato enriba do número, no gráfico púxose enriba do número 2 da columna de execucións, exercicio 5, aparece unha subtáboa que nos informa de cada unha das veces que se realizou a actividade, neste caso, por exemplo, a primeira vez, foi realizada incorrectamente acumulando ata tres fallos, a segunda iniciouse pero non finalizado (columna fin con valor xx:xx), icona roda dentada.

2.3.- Esquemas:

Gráficos interactivos cos que se intenta que o alumnado teña unha visión global de todo o estudado.


2.4.- O gran test:

Test no que se percorren os conceptos básicos tratados, está pensado como axuda “autoavaliativa” unha vez foron tratados todos os puntos.

2.5.- Lapis e papel:

Aquí conta con todo o contido do tema en formato pdf así como unha proposta de actividades (de resposta aberta) para desenvolver nos cadernos.

3.- A poboación:



Este apartado presenta unha organización similar ao tema de ciencias naturais.

Parte dos elementos a ter en conta á hora de estudar unha poboación para logo centrarse nos procesos migratorios e as principais características da poboación galega e española.

Conta con catro bloques de actividades interactivas e o “gran test” que é un repaso xeral dos conceptos traballados.

Igualmente contamos cun esquema e os contidos e unha ficha de traballo para realizar en caderno con preguntas “máis abertas”.

4. - Lingua galega:

4.1. Lectura – O coello, unha praga en Australia.



Este lectura trata sobre a praga que supuxo a introdución dunha especie dentro dun ecosistema e as consecuencias que trouxo. A parte do concepto de “texto no literario trátase tamén de amosar ao alumnado a importancia ecolóxica que pode ter unha decisión como que no texto se reflexa.

4.2. - Ditongo, tritongo e hiato:

Neste apartado amósase o concepto de hiato, é aconsellable recorrer ao apartado de castelán do mesmo nome xa que nas actividades interactivas aparecen todos os conceptos.

4.3. - Poesía:

Aquí fálase das medidas dos versos partindo duns versos de Rosalía de Castro, autora da que se fai tamén un pequeno resumo da súa vida.

4.4. - Formación de palabras:

Aproveitando o vocabulario propio da unidade trabállanse as palabras rematadas en -voro e as que empezan por -bio.

4.5.- Os determinantes:

Apartado para traballar conxuntamente co do mesmo nome de Lengua. Aquí fálase dos artigos e os demostrativos. Conta cun grupo de sete actividades para o afianzamento destes conceptos.

4.6. - Os pronomes persoais:

Tamén para traballar conxuntamente con castelán. Faise a diferenza entre pronomes átonos e tónicos e realízanse dous bloques de actividades sobre eles.

5.- Lengua castellana:

Se sigue en este apartado una estrutura similar a la de lengua gallega, por lo que se trabajan tanto aspectos iguales como diferenciadores en las dos lenguas.


5.1.- Lectura – San Francisco, su origen:

Lectura de “texto no literario” que enlaza con el tema de la población y en el que se describe brevemente los distintos acontecimientos que dieron lugar a la ciudad de San Francisco.

El resto de apartados sigue una estructura idéntica a la parte de “Lingua”.

6.- Matemáticas:

En este caso nos centramos en las fracciones.



6.1.- Preguntas iniciales: se trata de un conjunto de imágenes y preguntas encaminadas a la introducción del concepto de fracción.

6.2.- Recordamos: repaso de conceptos propios de cursos anteriores.

6.3.- Fracción de un número: Exposición del concepto y posterior trabajo luego en el conjunto de actividades denominadas “actividades 2”.


6.4.- Mayor, menor o igual a la unidad – Fracciones mixta: Las actividades correspondientes a estos dos apartados están en “actividades 3”.

6.5.- Suma y resta: Ejemplo gráfico para la realización de estas operaciones con fracciones del mismo denominador.

6.6.- Fracciones equivalentes: Se trata tanto las fracciones equivalentes a un número natural como las equivalentes a otra fracción.

6.7.- Problemas exprés: Se trata de una serie de 8 problemas en los que únicamente se ha de contestar un determinado dato, el reto consiste en "llegar" al problema número 8, ya que se pasa al siguiente problema en el caso de que la respuesta sea la correcta, por lo que no hay auto-evaluación.

6.8.- Taller de problemas: En este caso se centra el trabajo en los datos, los que faltan, los que “sobran”, los implícitos y los que podemos calcular.



6.9.- Cálculo para leer: Consta de dos apartados, uno de ellos es la lectura del capítulo 4 de la obra “El hombre que calculaba”. La idea es, una vez realizada la lectura, mantener un pequeño coloquio sobre ella debido a que plantea una solución matemática pero también una solución ética.

El otro apartado es para que el alumnado, cada uno por separado lo intente comprender y explique a sus compañeros, luego se pueden plantear pequeñas cuentas oralmente.


6.10.- Por lógica: Se trata de completar una tabla a partir de los datos de un texto y la realización de pequeñas deducciones lógicas.

7. - English:

Este apartado é un complemento ao tema de ciencias naturais xa que se falan dos distintos tipos de animais que podemos atopar nun bosque ao mesmo tempo que serve para a adquisición de vocabulario.

Conta con tres tipos de actividades, de comprensión lectora, para ler e escribir.

8. - Computación:



A idea principal, neste apartado é introducir ao alumnado na elaboración de gráficos estadísticos mediante a folla de cálculo.

Enlazando co tema da poboación faise unha proposta de traballo para a elaboración deste tipo de gráficos.

9. - T. colectivo:



Como traballo colectivo propónse esta vez a creación en grupos de “pósters” de distintos ecosistemas elixidos por cada grupo.

Dada a posibilidade de poder interactuar máis dunha persoa co mesmo traballo (mover, engadir, corrixir.. os contidos xa introducidos) búscase tamén que o alumnado adquira experiencia para os traballos en grupo.